



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao sinistro da lancha “Cunchiñas” en Aguiño.

O 27 de outubro naufragaba preto de Aguiño a lancha (7ª lista) “Cunchiñas”, cun terríbel saldo de dous tripulantes mortos. A actuación do helicóptero de salvamento marítimo “Pesca I” permitiu o rescate con vida dun terceiro membro da tripulación.


A perda de vidas humanas é xa, lamentabelmente, irreparábel. Mais cumpre coñecer as circunstancias que rodearon o sinistro a fin de evitar no futuro, na medida do posíbel, a reprodución de feitos desta natureza.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Que datos e informacións posúe a Consellaría do Mar a respecto do sinistro da lancha “Cunchiñas”, con base en Rianxo, o 27 de outubro?

2.ª) Que operativo de salvamento marítimo se activou por ese motivo?

3.ª) A través de que método, e a que hora (UTC) se toma coñecemento da existencia do sinistro?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2009 16:30
Nº Rexistro: 12114
Data envío: 28/10/2009 14:06:56.050

4.^a) Considera a Consellaría do Mar que cumpre adoptar medidas correctoras nas embarcacións da 7^a lista para evitar, na medida do posíbel, a reprodución de feitos similares?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 28/10/2009 14:04:38